

INFORME RELATIVO AO ALUMNADO MATRICULADO NAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NO CURSO 2024-2025

CONTEXTO

ANTECEDENTES

MATRÍCULA

1

CONTEXTO

Contexto

▶ A ESTRATEXIA DE FP GALICIA 2030

A Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada no Consello da Xunta do día 10 de febreiro de 2022, ten como principios destacados que a sustentan:

- »» **Formar a cidadanía para incorporarse ao mercado laboral**, capacitándoa para o exercicio dunha profesión, preparándoa para o acceso ao emprego e facilitando a adaptación ás modificacións laborais ao longo da vida. A formación debe abranguer tanto a formación relativa a coñecementos técnicos, como a mellora das capacidades e a adquisición de competencias.
- »» **Dar resposta ás demandas de capital humano con competencias** do tecido empresarial e definir accións de formación específicas á demanda das empresas.

Estes principios da Estratexia de FP Galicia 2030 concrétanse no obxectivo estratéxico 1.1: Definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada ás necesidades dos sectores produtivos e ao territorio de Galicia. Este obxectivo estratéxico 1.1 desenvólvese en sete iniciativas, entre as que destacan:

- »» **I.1 Adaptar a oferta de ciclos formativos e cursos de especialización -máster- en modalidade presencial. Potenciar a FP básica na contorna rural.**
- »» **I.2 Flexibilizar a oferta de módulos profesionais para persoas adultas.**
- »» **I.3 Diseñar a oferta formativa específica para as necesidades formativas das empresas galegas.**
- »» **I.4. Promover unha oferta formativa adaptada ás particularidades do rural galego.**

Contexto

▶ PLAN CONECTA FP GALICIA

O Plan Conecta FP Galicia de colaboración público-privada para o establecemento de ofertas de formación profesional á medida do tecido produtivo galego 2023-2025, aprobado no Consello da Xunta o 9 de febreiro de 2023, establece entre os seus obxectivos:

» Deseñar e planificar unha **oferta de formación profesional** do sistema educativo que **deá resposta á rápida evolución do sector produtivo** e á necesidade de **contar con persoas coa capacitación adecuada** para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está producindo.

» **Deseñar plans de formación específicos**, á medida das necesidades das empresas ou das administracións, consolidando a FP dual como vía prioritaria de formación.

» Contribuír a **dar visibilidade á Formación Profesional de Galicia:**

- » Que máis persoas opten por esta formación, o que contribuirá a reducir a taxa de abandono escolar, reducir o déficit de traballadores, suplir a falta de substitución xeracional e aumentar a empregabilidade da poboación.
- » Que máis empresas opten por empregar persoas con estudos de FP, o que contribuirá a mellorar a taxa de persoas contratadas con formación de grao básico, medio e superior.

Para dar cobertura a esta formación, o Plan Conecta FP Galicia previu un **incremento de 9.500 prazas nos ciclos formativos** e nos cursos de especialización (másters de FP), repartidas en 4.500 prazas no curso 2023-2024 e 5.000 prazas no curso 2024-2025.

Contexto

▶ PLAN CONECTA FP GALICIA

A posta en marcha do Plan Conecta FP Galicia supuxo:

- »» A realización de **encontros presenciais**, con gran éxito de participación, de carácter sectorial e territorial, nos que participaron outros departamentos da Administración autonómica e das administracións locais, representantes das principais empresas, asociacións empresariais, axentes sociais, direccións de centros de formación profesional de Galicia, profesorado e alumnado. Estes encontros permitiron **realizar unha análise da situación do mercado laboral** incluíndo os diferentes puntos de vista, e conseguindo enlazar as **necesidades de todos os participantes**, para acadar a **mellora da formación profesional** e unha maior vinculación desta coas necesidades da sociedade.

+10.000

EMPRESAS

+400

ASOCIACIÓNS, CLÚSTERS
OU SOCIEDADES

+300

CENTROS EDUCATIVOS

Nestes sentido realizáronse os seguintes encontros territoriais:

- »» **Provincia da Coruña:** Área da Coruña, Área de Ferrol, Área de Santiago e Barbanza - Muros – Noia.
- »» **Provincia de Lugo:** A Mariña, Área de Lugo, Lemos - Chantada – Quiroga.
- »» **Provincia de Ourense:** Área de Ourense, Valdeorras - Trives - Caldelas – Viana, Verín - Limia - Baixa Limia.
- »» **Provincia de Pontevedra:** Área de Pontevedra, Área de Vigo, Deza - Tabeirós - Terra de Montes, Salnés.

2

ANTECEDENTES

Antecedentes

Modelo de FP dual deseñada á medida dos sectores produtivos galegos.

Dá resposta ás necesidades concretas de persoal cualificado de cada empresa.

Alta inserción laboral dos titulados de Formación Profesional.



Centro Galego de Innovación da FP de Ourense.

O Centro Galego de Innovación da FP de Ourense intensificou a conexión entre a FP e os sectores produtivos, ao desenvolver de forma conxunta, entre os centros educativos e as empresas, proxectos de innovación, o que redunda na mellora da competitividade das empresas galegas e na formación de alta especialización do profesorado.

Rede Estatal de Centros de Excelencia.

Galicia conta con cinco centros na Rede Estatal de Excelencia da Formación Profesional, o que a consolida no grupo de comunidades líderes neste eido: CIFP Carlos Oroza de Pontevedra, CIFP As Mercedes de Lugo, CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña, CIFP Someso da Coruña e o CIFP Politécnico de Santiago de Compostela.

Potencialidade da Rede de Centros Integrados de FP (CIFP). A rede foi recentemente ampliada ata os 28 centros.

Constitúen o eixe vertebrador da FP galega ao contribuír de forma decisiva á cualificación e recualificación das persoas, e aposta por dar resposta ás necesidades formativas dos sectores produtivos.

No curso 2024-2025 a Rede de Centros Integrados de Formación Profesional está constituída por 28, fronte aos 9 que había no 2009 , o que significa multiplicar por tres o número total.

É de destacar que a rede se ampliou nos últimos catro anos en oito centros.

No curso 2024-2025 incorporouse á rede o CIFP de Cantería de Galicia cunha oferta centrada na construción, restauración e rehabilitación de edificios.

Oferta formativa para o curso 2024-2025

No marco da **Estratexia FP Galicia 2030** e atendendo aos obxectivos do **Plan Conecta FP Galicia**, a oferta formativa de FP para o curso 2024-2025 incrementouse en **4.540 prazas**, potenciando:



- »» A **FP dual**, o que permitiu deseñar **plans de formación específicos** á medida das necesidades das empresas.
- »» O **Plan Conecta FP Galicia** evidenciou a necesidade de contar con **formación en alta especialización**: dobres titulacións ou combinación de ciclos e/ou másters-cursos de especialización.
- »» Os **cursos de especialización e másteres de FP**, dotando o mercado de traballo de **persoal especializado** en sectores e tecnoloxías emerxentes.


3

MATRÍCULA

Matrícula na FP no curso 2024-2025

- »» A Formación Profesional galega acada un novo **récord de alumnado** matriculado: **68.823**, o seu **máximo histórico**.
- »» Son **4.235 estudantes máis** que no curso pasado, un **incremento** do **6,59%**.
- »» **34.077 estudantes máis** que no curso 2008/2009, un **incremento** do **98,07%**.
- »» O incremento dáse en todos os niveis, sinaladamente no **grao superior** cun **8,50%**, e no **grao básico** cun **5,42%**.
- »» O incremento nos **másters** é dun **59,18%**, e na **FP dual intensiva** dun **35,91%**.
- »» A Formación Profesional **no rural incrementouse nun 7,67%**.
- »» O **incremento** na **formación en alta especialización** é dun **59,17%**.

Matrícula na FP no curso 2024-2025




Matrícula na FP no curso 2024-2025

» O **incremento** é **xeneralizado** nos distintos graos destas ensinanzas:



» En canto ás **familias profesionais**, destacan as subas de:



Potencialidade da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

- »» A Rede de Centros Integrados de Formación Profesional constitúense como un **instrumento fundamental** para seguir potenciando as ensinanzas de FP como sinónimo de **calidade** e de **empregabilidade**.
- »» O papel relevante da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional tamén se traduce no peso que ten a **matrícula** nestes centros.



Matrícula nos ámbitos territoriais do Plan Conecta FP



O éxito do **Plan Conecta FP Galicia** e o esforzo realizado para dar a coñecer as múltiples posibilidades do ecosistema de FP de Galicia vense reflectidos no incremento de alumnado matriculado no territorio galego.

PROVINCIA	TERRITORIO	VARIACIÓN
A Coruña	Área da Coruña	7,23%
	Área de Ferrol	8,33%
	Área de Santiago	4,43%
	Barbanza - Muros - Noia	2,45%
TOTAL A CORUÑA		6,43%
Lugo	A Mariña	10,82%
	Área de Lugo	7,19%
	Lemos - Chantada - Quiroga	7,86%
TOTAL LUGO		7,98%
Ourense	Área de Ourense	7,41%
	Valdeorras - Trives - Caldelas - Viana	-1,57%
	Verín - Limia - Baixa Limia	6,18%
TOTAL OURENSE		6,84%
Pontevedra	Área de Pontevedra	9,37%
	Área de Vigo	4,19%
	Deza - Tabeirós - Terra de Montes	13,11%
	O Salnés	18,07%
TOTAL PONTEVEDRA		6,33%



XUNTA
DE GALICIA